

## 2.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 3: Castores larpeiros

### Actividade 1

**Enunciado: Subliña os substantivos do texto.**

Os nenos xogan no parque moi entretidos. María está coa pelota e Xurxo cos coches. Mónica, a súa nai e Breixo, o seu pai están contentos véndoos xogar.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os substantivos presentes nun texto.	Identifica case todos os substantivos presentes nun texto.	Identifica a metade dos substantivos presentes nun texto.	Identifica menos da metade dos substantivos presentes nun texto.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Le de forma comprensiva e expresiva un texto.  
Identifica substantivos.

### Competencias clave

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor  
Competencia para aprender a aprender

## Actividade 2

**Enunciado: Clasifica os substantivos do exercicio anterior en comúns e propios.**

Comúns	Propios
Nenos, parque, pelota, coches, nai, pai.	María, Xurxo, Mónica, Breixo.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Clasifica correctamente todos os substantivos en comúns e propios.	Comete menos de catro erros ao clasificar os substantivos en comúns e propios.	Comete entre catro e seis erros á hora de clasificar os substantivos en comúns e propios.	Comete máis de seis erros ao clasificar os substantivos en comúns e propios.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Diferencia os substantivos comúns dos propios.

### Competencias clave

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

### Actividade 3

**Enunciado: Coloca os signos de interrogación onde sexa preciso.**

- Que hora é?
- Onde estiveches toda a tarde?
- Noraboa!
- Cantas flores!
- Ves bailar?

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Utiliza correctamente os signos de interrogación.	Utiliza con bastante corrección os signos de interrogación.	Cústalle empregar con corrección os signos de interrogación.	Non emprega con corrección os signos de interrogación.

#### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Emprega os signos de interrogación nos seus escritos.

#### **Competencias clave**

Competencia para aprender a aprender

Competencia en comunicación lingüística

## Actividade 4

**Enunciado: Ditado.**

Podes emprestarme o anel de prata? Onde está? Alí xunto á planta e o plátano.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente ao ditado.	Escribe con bastante corrección ao ditado.	Cústalle escribir correctamente ao ditado.	Non escribe ao ditado de forma correcta.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Escribe ao ditado.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 5

Enunciado: Completa con **pl** e **pr**.

**p**lanta

**p**lástico

**p**luma

**p**rata

**p**remio

**p**roba

**p**rezo

**a**plauso

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Le e escribe correctamente palabras con <b>pl</b> e <b>pr</b> .	Comete menos de tres erros ao ler e escribir palabras con <b>pl</b> e <b>pr</b> .	Comete entre tres e catro erros á hora de ler e escribir palabras con <b>pl</b> e <b>pr</b> .	Comete máis de catro erros ao ler e escribir palabras con <b>pl</b> e <b>pr</b> .

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Le e escribe palabras con **pl** e **pr**.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística


Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 6

**Enunciado: Resolve a adiviña. Colorea o animal correcto.**

Casco de grana, gran cabaleiro,  
capa dourada e espora de aceiro.

- A solución é o **galo**.



Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Le un texto e analiza a súa información para resolver adiviñas.	Le un texto e analiza con bastante exactitude a súa información para resolver adiviñas.	Ten dificultades á hora de ler un texto e analizar a súa información para resolver adiviñas.	Non é capaz de analizar a información dun texto para resolver adiviñas.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Le de forma comprensiva e expresiva un texto.  
Resolve adiviñas.

### Competencias clave

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía  
Competencia en conciencia e expresións culturais  
Competencia en comunicación lingüística

## Actividade 7

**Enunciado: Subliña os substantivos do texto.**

As nenas saíron xuntas a pasear os cans. O can de Sabela chámase Lóstrego e o de Uxía, que é unha cadela, chámase Treboada. Botan carreiras no prado grande e cando están cansas volven para casa.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os substantivos presentes nun texto.	Identifica case todos os substantivos presentes nun texto.	Identifica a metade dos substantivos presentes nun texto.	Identifica menos da metade dos substantivos presentes nun texto.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Le de forma comprensiva e expresiva un texto.  
Identifica substantivos.

### **Competencias clave**

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor  
Competencia para aprender a aprender

## Actividade 8

**Enunciado: Clasifica os substantivos do exercicio anterior en comúns e propios.**

Comúns	Propios
Nenas, cans, can, cadela, carreiras, prado, casa.	Sabela, Lóstrego, Uxía, Treboada.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Clasifica correctamente todos os substantivos en comúns e propios.	Comete menos de catro erros ao clasificar os substantivos en comúns e propios.	Comete entre catro e seis erros á hora de clasificar os substantivos en comúns e propios.	Comete máis de seis erros ao clasificar os substantivos en comúns e propios.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Diferencia os substantivos comúns dos propios.

### Competencias clave

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía



## Actividade 9

**Enunciado: Escribe unha pregunta para cada resposta.**

— Que hora é?

— Son as catro e media.

— Canto custa?

— Son tres euros e medio.

— Que che pasa? Que che doe? Que tes?...

— Dóeme un pouco a barriga.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Utiliza correctamente os signos de interrogación.	Utiliza con bastante corrección os signos de interrogación.	Cústalle empregar con corrección os signos de interrogación.	Non emprega con corrección os signos de interrogación.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Emprega os signos de interrogación nos seus escritos.

### **Competencias clave**

Competencia para aprender a aprender

Competencia en comunicación lingüística

## Actividade 10

**Enunciado: Ditado.**

Quen é? Son o teu curmán. Que queres? Poderíasme prestar o abrigo de plumas para a fin de semana.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe correctamente ao ditado.	Escribe con bastante corrección ao ditado.	Cústalle escribir correctamente ao ditado.	Non escribe ao ditado de forma correcta.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Escribe ao ditado.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 11

**Enunciado: Completa con pl e pr.**

placa

plástico

premio

explotar

pluma

prisma

explicar

plátano

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Le e escribe correctamente palabras con <b>pl</b> e <b>pr</b> .	Comete menos de tres erros ao ler e escribir palabras con <b>pl</b> e <b>pr</b> .	Comete entre tres e catro erros á hora de ler e escribir palabras con <b>pl</b> e <b>pr</b> .	Comete máis de catro erros ao ler e escribir palabras con <b>pl</b> e <b>pr</b> .

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Le e escribe palabras con **pl** e **pr**.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 12

**Enunciado: Resolve a adiviña. Colorea o animal correcto.**

Que animal ten bo olfacto,  
cazador dentro da casa,  
curruncho a curruncho repasa  
e lambe o fociño se pesca o rato?

**O can.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Le un texto e analiza a súa información para resolver adiviñas.	Le un texto e analiza con bastante exactitude a súa información para resolver adiviñas.	Ten dificultades á hora de ler un texto e analizar a súa información para resolver adiviñas.	Non é capaz de analizar a información dun texto para resolver adiviñas.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Le de forma comprensiva e expresiva un texto.  
Resolve adiviñas.

### **Competencias clave**

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía  
Competencia en conciencia e expresións culturais  
Competencia en comunicación lingüística